
UNHA FELIZ CATÁSTROFE

Texto de ADELA TURIN

Ilustracións de NELLA BOSNIA

Tradución de G. TOLENTINO

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 40 páx. 15 €.

[Unha feliz catástrofe](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-888-8. Tras os montes.

[Una feliz catástrofe](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-887-1. Clásicos contemporáneos.

[Una catástrofe afortunada](#) (catalán)

ISBN 978-84-8464-889-5. Clásics contemporanis.

[Zorioneko hondamendia](#) (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-845-9. Gaur egungo klasikoak.

[Uma feliz catástrofe](#) (portugués)

ISBN 978-989-749-029-3. Clásicos contemporáneos.

Antes da catástrofe, a familia Rato vivía nun modesto tobo entre a cociña e o armario dunha luxosa casa, nun barrio elegante...

A orde metódica e a monotonía marcan o día a día desta familia, na que os roles están estritamente marcados: o señor Rato sae moi estresado do traballo e regresa onda a señora Rato, que ten a casa limpa e a cea preparada, e os seus fillos, que o agardan para escoitar con atención as súas historias. Unha catástrofe pono todo patas arriba: non só os deixa sen fogar, senón que altera por completo as súas vidas.

Aquela nai e esposa “agarimosa, modesta e dócil” rescata con valentía a toda a prole, habilita da nada un novo tobo e, a partir de entón, os pequenos ratiños e ela mesma comezan a experimentar emocionantes aventuras e a desenvolver novas facetas.

Adela Turin e Nella Bosnia crearon esta fábula en 1975 para revisar o lugar que ocupa a figura feminina na familia e na sociedade. Máis de 40 anos despois, a súa historia segue vixente e resulta tan necesaria como daquela, ou máis. Un relato sobre coeducación e igualdade, con altas doses de humor e de diversión, consonte unhas ilustracións de moito colorido, con personaxes humanizados e ambientadas no eido doméstico, entre obxectos cotiás e utensilios de limpeza.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** transformación dos roles familiares.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** coeducación, igualdade; contra os estereotipos sexistas; da autora e da ilustradora de “[Artur e Clementina](#)”, “[Rosa caramelo](#)” e “[A historia dos bonobos con lentes](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unh-a-feliz-catastrofe-g>

Adela Turin

(Italia, 1939)

Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar os sesgos sexistas na literatura infantil. En Milán formou parte do grupo Rivolta, vencellado ao movemento feminista. Co obxectivo de combater a discriminación de xénero dende a familia patriarcal, decidiu crear a colección «Dalla parte delle bambine» que, entre 1975 e 1980, publicou máis dunha vintena de libros. Anos despois trasladouse a París, onde fundou -con Silvie Cromer- a asociación «Du côté des filles» que, dende 1994, investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, e promove a sensibilización do sector editorial, das institucións e do público. Na actualidade dedícase a ler, escribir artigos e impartir conferencias.

Nella Bosnia

(Italia, 1946)

Estudou Arte en Milán e traballou como decoradora e estilista na creación de produtos téxtiles para a firma La Rinascente, onde coincidiu con Adela Turin, coa que fundou a colección de libros «Dalla parte delle bambine». Como ilustradora ten colaborado con editoriais de Italia e Francia.

